

OSTEOLOXÍA HUMANA

CADERNO PARA COLOREAR E APRENDER

ANA CURTO



Este caderno pertence a:

Futur@ especialista en Osteoloxía




IMPrensa
UNIVERSIDADE DE ÉVORA

**Título original: *Osteologia Humana. Livro para colorir e aprender*
*Évora, Portugal, 2023***

Traducción: Ainé Francos-Golán

QUE É A ANTROPOLOXÍA BIOLÓXICA?



OSTEOLOXÍA HUMANA

A Antropoloxía Biolóxica ten varias áreas de estudo, unha delas é a osteoloxía humana, que estuda esqueletos anatomicamente modernos (*Homo sapiens*) procedentes de escavacións arqueolóxicas. Ten como obxectivo reconstruír a vida de poboacións do pasado (sexo, idade da morte, saúde e enfermidades, actividade física, dieta e mobilidade).



NO CAMPO



@s antropólog@s traballan
en escavacións arqueolóxicas
sempre que se atopan
ósos humanos.


&




Os ósos recuperados nas
escavacións arqueolóxicas
estúdanse en detalle
no laboratorio.

NO LABORATORIO

Durante as escavacións arqueolóxicas recóllense diferentes tipos de información sobre os esqueletos. Descríbese todo o que foi atopado, fanse fotografías e mídense os ósos e os sepulcros.



Durante a escavación arqueolóxica, estímase o sexo e a idade da morte dos individuos. Descríbense as lesións que puideron ser causadas por enfermidades.



SABÍAS QUE...?

Ao longo da historia, os diferentes pobos soterraban aos seus mortos de diferentes formas.




Na **Prehistoria**, xeralmente, eran soterrados en posición fetal e con obxectos (recipientes cerámicos, xoias, puñais...) e ósos doutros animais.

Compás

Cinta métrica

Recipiente cerámico




SABÍAS QUE...?

En **época Romana** trataban aos seus mortos de formas diferentes ao longo do tempo. Os seus esqueletos, algunhas veces, foron queimados e só atopamos as súas cinzas. Outras veces, atópanse deitados boca arriba e, a miúdo, con obxectos como lucernas, moedas, pendentes, aneis e recipientes de cerámica ou de vidro.




Ánfora

Moedas



Lucerna



SABÍAS QUE...?




Os esqueletos das poboacións **islámicas** atópanse fóra das murallas das cidades, deitados de lado, mirando cara a Meca e non teñen obxectos arqueolóxicos nos sepulcros.

Os esqueletos das poboacións **cristiás** tampouco teñen obxectos arqueolóxicos, mais atópanse deitados boca arriba, dentro ou darredor das igrexas.



NO LABORATORIO

Despois da escavación, os esqueletos límpanse e estúdanse máis detalladamente. Confírmase o sexo e a idade da morte que fora estimada durante a escavación arqueolóxica e analízase cada óso e cada dente minuciosamente.







SABÍAS QUE...?


Un esqueleto humano ten 206 ósos:

- 22 ósos no cráneo
- 33 vértebras
- 12 pares de costelas
- 1 esterno
- 5 ósos en cada brazo
- 27 ósos en cada man
- 5 ósos en cada perna
- 26 ósos en cada pé



Mais non sempre é así. A medida que medramos, o número de ósos que temos varía ata que somos adultos.

O NOSO ESQUELETO MEDRA




A medida que medramos, as diferentes partes de cada óso aparecen e xúntanse ata formar un só óso. É por isto que na etapa infantil temos máis ósos que na etapa adulta. Cando tódalas pezas se xuntan, paramos de medrar.

SABÍAS QUE...?

Un neonato ten preto de 300 ósos. Case 100 ósos máis ca un adulto.



O número de ósos que temos varía segundo medramos. Como sabemos a que idades as diferentes pezas van aparecendo e xuntándose, conseguimos estimar a idade a través dos ósos.




QUE SUCEDE COS DENTES DE LEITE?



Non esquezas
lavar ben
os teus!

Sabías que aos 4 anos xa tes os dentes definitivos? Estes dentes están agochados dentro dos ósos da mandíbula e do maxilar. A medida que os dentes definitivos medran, empuxan os dentes de leite facendo que caian.





CANTOS ÓSOS CABEN NUNHA MAN?

Sabías que unha man ten 27 ósos?


- **8 carpos** en no pulso (Escafoide, Semilunar, Piramidal, Pisiforme, Trapecio, Trapezoide, Capitato e Hamato);
- **5 metacarpos** na palma de cada man, 1 para cada dedo;
- **14 falanxes** nos dedos, cada dedo ten 3 falanxes excepto o polgar, que só ten 2.

Ademais destes 27 ósos, existen 2 ósos **sesamoides**, na palma da man, na base do dedo polgar. Na base dos outros, tamén pode haber máis sesamoides.

Atopa o nome de 12 ósos da man na sopa de letras:



CANTOS ÓSOS CABEN NUNHA MAN?



Debuxa a forma da man e coloreia



CANTOS ÓSOS TEN UN PÉ?

Sabías que un pé ten 26 ósos?


- **7 tarsos** na planta do pé e nocello (Calcáneo, Talus, Navicular, Cuboide, Cuneiforme lateral, Cuneiforme intermedio e Cuneiforme medial);
- **5 metatarsos** na empeña do pé, 1 para cada deda;
- **14 falanxes** nas dedas, cada deda ten 3 falanxes excepto a deda grande, que só ten 2.

Ademais destes 26 ósos, existen 2 ósos **sesamoides**, na planta do pé, na base da deda grande. Tamén outras zonas do pé poden ter máis sesamoides.

Atopa o nome de 10 ósos do pé na sopa de letras:

H	M	R	S	A	L	T	O	P	I	N	D	I	D	S	E
J	Y	E	R	E	D	A	T	A	L	U	S	A	S	O	L
D	J	I	T	C	O	M	T	O	F	A	N	T	U	M	A
A	I	Z	Q	A	Z	A	N	A	V	I	C	U	L	A	R
G	N	T	U	S	T	F	S	O	L	C	U	B	O	D	I
B	E	A	E	S	L	A	I	L	H	A	B	A	T	A	E
I	T	R	Y	I	O	L	R	R	I	U	O	T	G	Z	J
P	N	S	Z	T	G	A	U	S	S	O	I	A	K	X	O
O	H	O	E	U	O	N	S	T	I	P	D	T	Y	H	A
T	I	K	R	V	E	G	S	I	N	C	E	A	A	A	N
C	A	L	C	A	N	E	O	A	N	H	O	S	O	L	N
I	D	U	T	R	A	B	A	L	H	O	S	S	S	U	A
T	N	S	E	S	A	M	O	I	D	E	S	A	L	X	P
A	J	A	N	O	I	T	S	O	L	E	R	A	M	A	O
D	I	T	C	U	N	E	I	F	O	R	M	E	N	H	A
E	L	O	S	A	P	A	T	O	S	K	A	T	O	I	Z

CANTOS ÓSOS TEN UN PÉ?



- 1 – Calcâneo
- 2 – Talus
- 3 – Navicular
- 4 – Cuboide
- 5 – Cuneiforme lateral
- 6 – Cuneiforme intermedio
- 7 – Cuneiforme medial


Pinta cada tipo de óso da mesma cor.

SABÍAS QUE...?


Hai varias análises bioquímicas que podemos facer nos ósos e nos dentes.

A xenética permite estudar o parentesco entre os individuos e as enfermidades que puideron sufrir

Os isótopos estábeis poden dicirnos que comían e onde viaxaban




Grazas!





HD-TEC



2020.02110.CEECIND

The impact of childhood Diet on adult Health, comparing three Portuguese archaeological collections: Tomar, Estremoz and Crato



LABORATÓRIO
HERCULES
HERANÇA CULTURAL, ESTUDOS E SALVAGUARDA



DEPARTAMENTO
DE BIOLOGIA
UNIVERSIDADE DE ÉVORA
ESCOLA DE CIÊNCIAS E TECNOLOGIA

FCT

Fundação para a Ciência e a Tecnologia
MINISTÉRIO DA CIÊNCIA, TECNOLOGIA E ENSINO SUPERIOR



REPÚBLICA
PORTUGUESA



SCAN ME